- Continuación do estudio da lingua grega iniciado no primeiro curso.
- A súa relación co estudio de calquera lingua por parte do alumnado.
- A introducción ós diferentes xéneros da literatura grega, tanto en textos traducidos como en fragmentos orixinais.

A programación dos contidos desenrólase atendendo ós diferentes núcleos temáticos a que alude o DOGA. Estes núcleos son os seguintes:

- A lingua grega
- A interpretación dos textos
- O léxico grego e a súa evolución
- A literatura grega
- Grecia e o seu legado

A lingua grega

Ó igual que no curso anterior, pártese de textos gregos como elemento fundamental para a comprensión dos coñecementos lingüísticos correspondentes:

- A morfosintaxe nominal e pronominal.
- A morfoloxía verbal, cunha visión xeral de tódolos tempos e modos, insistindo nos tempos máis frecuentes en grego e os modos máis usuais nas voces activa, media e pasiva.

Dentro da **estructura oracional** repasaranse de forma ampla as oracións simples e compostas e se presentan estruturas características da lingua grega, como as oracións de participio e infinitivo. Os textos traballaranse de forma progresiva, de modo que, ó principio, estudaranse as oracións simples e coordinadas e, máis adiante, estruturas subordinadas de máis complexidade.

A interpretación dos textos

En principio, trátase de textos adaptados en grego ático do século V a.C., con estruturas similares as dos autores gregos, e vanse mostrando estruturas lingüísticas de dificultade crecente, que son relevantes polo seu uso frecuente.

O contido destes textos resulta fundamental para o coñecemento da cultura grega. A medida que avanza o método que utilizamos, inclúense cada vez máis textos orixinais. Ademáis, en relación coa literatura, preséntanse breves fragmentos orixinais dos autores principais. Ao finalizar este curso, o alumno poderá acercarse a calquera texto orixinal escrito en grego ático, cunha capacidade moi alta de lectura, de comprensión e de tradución dos textos.

O léxico grego e a súa evolución

En tódalas unidades prestarase gran atención ó léxico da lingua grega que debe asimilarse e seguíranse sempre criterios de frecuencia de aparición de termos, así como de utilidade; de esta forma, inténtase que o vocabulario grego que debe memorizarse sexa o máis productivo posible. Abórdanse o léxico e as etimoloxías en cada unidade para aprender, por medio de exercicios etimolóxicos, o vocabulario de orixe grega que se mantivo ata nosos días: isto representa unha enorme axuda para mellorar a comprensión na propia lingua. Outro aspecto importante é a formación de palabras, na que se abordan aqueles procesos de formación de palabras que pasaron ó galego e ó castelán. Entre outros campos semánticos insístese especialmente no vocabulario científico e técnico.

A literatura grega

Ó longo das unidades, aparecen desde o punto de vista xenérico as principais manifestacións da literatura grega, desde as características identificativas do xénero ata os autores máis representativos. En tódalas unidades inclúense traducións ás que se aplican actividades que inducen a reflexionar sobre as características principais de cada xénero e autor. Ademáis, trátase de explicar a pervivencia da literatura grega con determinadas cuestións e obras da literatura grega e contemporánea.

Grecia e o seu legado

Os contidos abranguen aspectos variados e importantes da cultura grega antiga que influíron na cultura occidental. Como método utilizaranse textos orixinais traducidos ó castelán, con insistencia na xeografía, historia, política, vida pública, vida privada, arte, relixión, mitoloxía, plantexando, ademáis, a influencia destas manifestacións culturais no mundo posterior. Estes textos ampliaranse con explicacións para completar aspectos que os textos orixinais non poden abarcar.

En suma, o alumno debe ser consciente de que vai aprender tanto a lingua grega como as raíces históricas das súas linguas e su cultura.

CONTIDOS.

Contidos comúns:

- Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.
- Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.
- A literatura grega como creadora dos xéneros literarios. Influencia da literatura grega na literatura posterior.
- Valoración crítica das raíces gregas da ciencia e do pensamento europeos.

A lingua grega:

- Flexión nominal.
- A primeira e segunda declinacións. Exceptúase a declinación ática.
- A terceira declinación, incluídos os substantivos e adxectivos irregulares máis comúns.
- Os comparativos e superlativos, incluídas as formas irregulares máis comúns.
- Numerais, determinantes e pronomes.
- Flexión verbal.
- Verbos εἶμι e λυω (coma paradigma) e máis os temáticos con presente contracto.
- Mecanismo do aumento e da reduplicación (agás a reduplicación ática).
- Aoristo radical temático; o aoristo radical atemático.
- Verbos consonánticos.
- Verbos atemáticos: panorama xeral.
- Sintaxe.
- As oracións simples, o réxime dos casos, o valor e uso das preposicións, a concordancia, as voces pasiva e media, as proposicións coordinadas.
- A subordinación: introdución ás subordinadas completivas; proposicións de relativo; usos e construción de participio incluído o xenitivo absoluto; introducción ás subordinadas de infinitivo; introdución ás subordinadas temporais, concesivas, comparativas, causais, consecutivas e finais; subordinadas condicionais de estrutura elemental.

Os textos gregos e a súa interpretación:

- Lectura comprensiva, tradución e comentario de textos orixinais.
- Lectura e comentario de obras e fragmentos gregos traducidos.

O léxico grego e a súa evolución:

- Aprendizaxe de vocabulario.
- Uso do dicionario.
- Helenismos no vocabulario común das linguas modernas.
- vocabulario específico de orixe grecolatina presente nas materias que se estudan no bacharelato.

Grecia e o seu legado:

- A transmisión dos textos gregos e o descubrimento de Grecia.
- A literatura grega a través dos seus textos. Xéneros, autoras e autores.
- Raíces gregas da cultura moderna na literatura, na filosofía, na ciencia e na arte.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- Saber os distintos esquemas de declinación (temática, atemática e temas en $-\alpha$) e conxugación, así como dos principais pronomes persoais, demostrativos, relativo, indefinidos...)
- Recoñecer as diferentes preposicións, formas nominais, pronominais e verbais da lingua grega e o seu funcionamento morfosintáctico.
- Comprender o sentido global de textos traducidos de diferentes xéneros literarios e recoñecer a vixencia actual dos seus plantexamentos.
- Coñecer os principais étimos gregos que deron lugar a palabras de uso cotiá e de linguaxes técnicos e os principais helenismos utilizados nas linguas actuais.
- Saber as características principais da literatura grega, relacionala cos acontecementos históricos e culturais da Grecia clásica e recoñecer a súa huella na nosa civilización.

TEMPORALIZACIÓN

En principio non imos establecer un libro de texto definitivo; os textos a traducir daranse en fotocopia, e os temas en apuntes. Si se utilizará un diccionario: recomendaremos o VOX.

Lingua	1º trimestre	Repaso e ampliación da morfoloxía e da sintaxe nominal e verbal. Lectura de textos en traducción.
	2º trimestre	Repaso e ampliación da sintaxe oracional. Lectura de textos en traducción.
	3º trimestre	Repaso global. Lectura de textos en traducción.
Cultura		Explicación dos aspectos culturais (historia, institucións – políticas, sociais, económicas, etc.-), así como os xéneros literarios e autores que aparecen nos textos traducidos.
Léxico		Estudio e comentario da pervivencia do léxico grego que vaia aparecendo nos textos nas linguas modernas, sobre todo o castelán e o galego.
Textos		Unha escolma de textos, de menor a maior dificultade, onde predominarán os autores: Xenofonte e Platón.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos procedementos de avaliación teránse en conta os seguintes aspectos:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos e contrastar datos de avaliación das mesmas aprendizaxes obtidas a través de distintos instrumentos.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron.

Para levar a cabo estes procedementos de avaliación atenderemos diferentes aspectos: feitos e contidos, procedementos e actitudes.

Feitos e contidos:

- Coñecemento e comprensión de feitos, hipótese, teorías e conceptos.
- Aplicación do coñecemento a novas situacións.
- Interpretación de feitos.

Procedementos:

- Utilización das notacións e representacións simbólicas propias da materia.
- Observación de feitos, recolección, organización e tratamentos de datos.
- Utilización de fontes de información de forma sistemática e organizada.

Actitudes:

- Interese para apreciar e valorar a materia na relación coa sociedade, a técnica, os recursos e o patrimonio, así como os beneficios prácticos que xerou.
- Autoconfianza e respecto hacia os demais.
- Adición de hábitos de traballo adecuados, así como o gusto pola orden e decoro na presentación de tarefas.
- Actitude receptiva e crítica ante ideas ou plantexamentos novos
- Iniciativa e interese polo traballo
- Afán polo traballo en equipo adoptando unha actitude de colaboración e flexibilidade nas tarefas colectivas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar a adquisición dunha certa competencia lingüística e o progreso na práctica da tradución. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas na lingua materna e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como o uso adecuado do dicionario.

2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento da lingua grega por parte do alumnado. Este ha de manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de maior complexidade e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto a outras linguas por el coñecidas.

2. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos, e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científico-técnicos.

Este criterio serve para determinar se se domina o vocabulario básico e se se coñecen os procedementos de derivación e composición dos helenismos nas linguas modernas, así como a correcta transcripción dos termos e as transformacións que experimentan no eido formal e semántico.

2. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior en que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura grega.

2. Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, busca, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. Sempre baixo a dirección do profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta fundamental en todo o proceso e como soporte polivalente para a exposición das súas conclusións.

Procedementos

Dada a mecánica da nosa materia, os procedementos serán similares en cada un dos temas no que secuenciamos os contidos conceptuais.

Enumeraremos os procedementos de carácter xeral para tódalas unidades:

- Elaboración de esquemas de cada un dos temas abordados.
- Exposición oral ou escrita dos aspectos concretos dos temas tratados.
- Identificación nas diversas manifestacións da literatura actual do legado de Grecia.
- Comentario sobre a creación e aportación dos gregos á literatura universal.
- Lectura e selección de textos sobre cada un dos xéneros literarios.
- Estudio do léxico grego mediante a definición de helenismos e a súa identificación co étimo correspondente.
- Realización de exercicios sobre composición e derivación do léxico grego.
- Utilización correcta dos elementos da morfoloxía nominal e verbal.
- Observación e utilización na tradución das nocións sintácticas aprendidas.
- Lectura, identificación de léxico e aspectos morfosintácticos e tradución á lingua materna de textos gregos.

Actitudes

No referente a este tipo de contidos, debemos realizar igual consideración que no apartado dedicado a contidos procedimentais. Expomos, pois, os contidos actitudinais xerais:

- Interese polo legado de Grecia, en cuanto a forma de vida e cultura con transcendencia universal.

- Valoración das aportacións de Grecia ao nacemento e desenrolo da literatura occidental.
- Aprecio pola literatura grega en acanto orixe da literatura occidental e en canto a súa beleza e calidade.
- Valoración das creacións, interpretacións e visións que da realidade fixeron os gregos como fonte de inspiración para a posteridade.
- Preocupación pola utilización correcta do léxico da propia lingua.
- Curiosidade por coñecer o significado etimolóxico das palabras.
- Interese por descubrir a formación de palabras con raíz grega na propia lingua.
- Aprecio polo uso correcto da composición literaria para a transmisión do pensamento e a cultura.
- Valoración da análise de textos como fonte para o coñecemento dos pobos da antigüidade e do propio pasado histórico.
- Respecto e sensibilidade hacia o aspecto creativo da linguaxe.
- Preocupación polo uso correcto da propia lingua a partir dos coñecementos adquiridos da lingua grega.

MATERIAIS E RECURSOS.

- 0. Dicionarios da lingua española e galega.
- 0. Dicionario grego.
- 0. Enciclopedias.
- 0. Dicionarios de mitoloxía.
- 0. Material (fotocopias, apuntes ...) que suple o libro de texto.
- 0. Mapas.
- 0. Libros de lectura de autores clásicos.
- 0. Vídeos.
- 0. Outros que, circunstancialmente, servan para facilitarlle ó alumno a comprensión da materia.

RECUPERACIÓN DE ALUMNOS DE 2º CURSO DE BACHARELATO COA ASIGNATURA DE GREGO DE 1º CURSO NON SUPERADA

Para a recuperación da asignatura de Grego de 1º curso teranse en conta dous criterios:

- 1- Si o alumno/a cursa a asignatura de Grego en 2º curso e supera a avaliación dos contidos de esta materia, daráselle por superada a materia do curso anterior, xa que esta é unha asignatura de contidos progresivos, e, acadar os obxectivos na materia de 2º curso, implica ter superados os contados do curso anterior.
- 2- Si o alumno/a non cursa a materia de Grego en 2º curso de Bacharelato, terá que demostrar que ten interese en superar a materia de 1º curso, facendo unha proba ó final do curso na que demostre ter acadado os contados mínimos esixidos nesta materia:

Contidos mínimos

O alumnado deberá dominar, polo menos, os seguintes contidos:

1. Principais deuses olímpicos e heroes gregos.
2. Marco xeográfico, histórico e cultural da Grecia antiga.
3. O alfabeto.
4. As tres declinacións.
5. O adxectivo. Comparativos e superlativos.
6. Os pronomes gregos máis comúns.
7. As principais preposicións.
8. O verbo εἶμι e λυω

Criterios mínimos de avaliación

- 1) Identificar aos principais deuses e heroes así como os seus poderes, atributos e mitos.
- 2) Localizar nun mapa mudo os principais lugares da Grecia antiga.
- 3) Situar historicamente aos personaxes, sucesos e obras máis destacadas da cultura grega.
- 4) Ler con soltura un texto grego.
- 5) Transcribir palabras gregas ao galego.

- 6) Declinar os substantivos, adxectivos e pronomes máis comúns.
- 7) Conxugar as principais formas regulares do verbo grego.
- 0) Traducir frases sinxelas sen diccionario.
- 0) Analizar os helenismos dunha relación léxica determinada.

Dado que o alumno/a non pode asistir as clases da materia pendente e, para facilitarlle a superación desta materia, pódense, si o alumno/a así o prefire, ir facendo probas parciais ó longo do curso nas que se lle irá repartindo a materia.

Os temas de cultura poderanse superar facendo algún traballo dos temas que ao alumno/a lle resulten máis atractivos para traballar neles e que teñan relación cos temas culturais tratados nesta materia no curso anterior.

Materiais e recursos

Ademáis dos exercicios e apuntes facilitados ao alumno/a no curso anterior, facilitaráselle neste curso todo o material necesario, tanto a nivel gramatical como cultural, para a superación de esta materia.

Tamén estará a profesora a disposición do alumno/a, na hora que ten asignada no seu horario lectivo para tutoría de alumnos, para aclararlle as dúbidas e facilitarlle as explicacións que sexan necesarias.

Criterios de avaliación

Si o alumno/a opta por fraccionar a materia, así como facer algún traballo dos temas de cultura, teránselle en conta tódalas notas obtidas ao longo do curso, coa porcentaxe que se fai no curso de 1º de Bacharelato (60% a media das probas gramaticais, 40% a media das probas dos temas de cultura)

Si o alumno/a opta por facer a proba de fin de curso, a valoración será a mesma que na proba extraordinaria do mes de setembro: 60% a parte correspondente á proba de contidos gramaticais e 40% a parte correspondente á proba de contidos culturais.

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DA MATERIA PENDENTE

Aínda que non é moi doado facer un seguimento dos alumnos que teñen a materia de Grego de 1º pendente e non cursen esta materia en 2º e xa que un alumno de 2º

BACH.non ten moitas horas libres para poder ser atendido como é debido, trataremos de sinalar tarefas que sean axeitadas para poder superar, sin moita dificultade, esta materia.

- Utilizarase o libro de texto da Ed. Baía, que é o que utilizamos en 1º BACH., que ten exercicios gramaticais e culturais para poder repasar toda a materia.
- Proporcionaránselle ó alumno exercicios de autoavaliación, sacados do propio libro de texto ou de outros, para que o alumno poda traballar a materia pola súa conta e poda decatarse das deficiencias que ten e así poder consultalas.
- Facilitaránselle ó alumno exercicios suplementarios dos contidos gramaticais dos que considere que necesita máis reforzo.
- Farase unha pequena antoloxía de textos sinxelos, nos que se reflexe gradualmente a materia gramatical que ten que superar.
- Indicaránselle algúns textos de lectura nos que poda ver reflexada a parte de cultura que estea a preparar.
- Marcaránselle unha serie de traballos de temas mitolóxicos, dos que o alumno pode escoller algún, nos que se vexan reflexados os mitos máis representativos da cultura grega, Minotauro, Guerra de Troia, Heracles, Xasón, etc.
- Escolleranse unha serie de raíces gregas, as máis comúns, para que o alumno vexa a importancia da cultura grega e a súa pervivencia no mundo actual.

Todo o material necesario para traballar estes temas estase a colgar na páxina web que ten o Instituto, no espacio dedicado ó seminario de Grego.

CON CARÁCTER XERAL

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.

Procurarase xerar un clima na aula en que os alumnos sentan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, servan de estímulo para intentalo de novo.

Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan ó alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Promoverase a participación dos estudantes en pequenos traballos de investigación. Deberán ser orientados para que poidan acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse, e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

ACTIVIDADES DE REFORZO

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo acadar unha ensinanza máis adaptada a cada alumno, de xeito que poida desenrolar ó máximo tódalas súas capacidades, non cixuíndose exclusivamente ós aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

É preciso manter unha estreita colaboración coas familias co fin de axudarlles a comprender a situación do alumno e apoiem dende o seu entorno educativo as medidas que se lle propoñan, como normas e hábito de estudo, motivación, esforzo, enriquecemento a través da vida cotiá e de ocio.

Para acadar os mellores resultados cos alumnos que precisen reforzo educativo hai que seguir unhas pautas:

- Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a acadar por todo o grupo.
- Preparar **actividades sobre un mesmo contido** de repaso, reforzo e profundización variando o grao de dificultade.
- Ubicación do alumnado no sitio máis axeitado tendo en conta as características de cada alumno.
- Ubicación das mesas en función da actividade que se vaia a realizar.
- Axuda entre iguais: un alumno considerado experto nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominen.
- Aprendizaxe cooperativo: grupos heteroxéneos de alumnos que teñen o obxectivo de acadar unha meta común: para conseguilo e imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.
- Traballo colaborativo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É evidente que non tódolos alumnos e alumnas aprenden igual nin da mesma maneira. Por iso, dar resposta a esta diversidade non é tarefa fácil, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos acaden os obxectivos propostos. Por tanto, adoptárase como punto de partida a asimilación e constatación da variedade de coñecementos, para poder darlle resposta. Co fin de atender a aqueles alumnos que plantexen problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararánse exercicios breves e de dificultade crecente para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de pequenas lecturas e esquemas de estas, sempre acompañadas coa axuda da profesora.

Mentras se levan a cabo estas actividades de recuperación, aqueles alumnos e alumnas que acadaron satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar en eles, como pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

Con isto, atendemos non só aos alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senon tamén a aqueles que acadaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cómpre establecer uns criterios previos que faciliten a valoración de distintos rasgos, evitando que ningún deles de por sí determine a avaliación propiamente dita.

- **Observación-** en procura de información sobre a conducta ou comportamentos que os alumnos manifestan espontáneamente. Para aproveitar mellor a información que estas observacións nos poden aportar, utilizaranse os seguintes instrumentos:
 - **Escalas de valoración-** listado de rasgos nos que se gradúa o nivel de consecución do aspecto observado nas valoracións progresivas.
 - **Listas de control-** rasgos a observar, ante os que o profesor sinala a súa presenza ou ausencia durante o desenrolo da actividade
 - **Rexistro anecdótico-** fichas para recoller comportamentos non previsibles e que nos poden aportar unha información sinificativa para avaliar carencia ou actitudes positivas.
- **Caderno-** o caderno de clase do alumno é un instrumento de recollida de información moi útil para a avaliación contínua, pois reflexa o traballo diario que realiza o alumno. A través del comprobarase:
 - Se o alumno toma apuntes correctamente.
 - O seu nivel de comprensión, de abstracción e as ideas que selecciona.
 - O seu nivel de expresión escrita, a claridade e propiedade das súas expresións.
 - A ortografía, caligrafía, composición de frases, etc.
 - Se amplía a información sobre os temas traballados consultando outras fontes.
 - Se se fai esquemas, resumos, etc.
- **Exames-** instrumentos válidos para a avaliación formativa, entendidos como fonte de información complementaria, non única.

Son indicados para avaliar as capacidades de :

 - Recordar contidos relevantes xa traballados.
 - Expresar opinións persoais ou xuízos de valor sobre cuestións básicas das materias tratadas.

- Exercitar a atención, a observación, a memoria, a curiosidade, a análise reflexiva.
- **Cuestionarios-** permitirannos avaliar os coñecementos previos que ten o alumno sobre unha unidade didáctica determinada.
- **Mapas conceptuais-** dirixen a atención sobre o reducido número de ideas importantes nas que debemos centrarnos.

Permiten coñecer que sabe ou comprende un alumno sobre unha unidade calquera e detectar as conexións equivocadas entre conceptos.

A AVALIACIÓN CUALIFICADORA.

Os **instrumentos** para levar a cabo a avaliación serán:

1. **Enquisa inicial** que se fará ó comezo de curso ou de cada unidade.
2. O **diario de clase** onde o profesor irá apuntando todo o que considere necesario sobre cada alumno: probas orais e escritas, traballos, actitude...
3. Información de etapas educativas anteriores, expedientes, etc.
4. Información doutros profesores (xunta de avaliación).

A avaliación final ou **calificadora** de xuño farase en base á suma de tres notas (dúas obxectivas -A, B- e unha subxectiva -C-):

- A.** Media de tódalas probas escritas que se fagan de lingua. Posto que as probas son totalitarias, isto é, abarcan sempre a materia dada, daráselle máis valor ás últimas probas, de acordo coa seguinte fórmula: en cada avaliación haberá un mínimo de dúas probas, das que sairán sendas notas medias (que imos chamar A^1 , A^2 , A^3 , segundo a avaliación; a nota da 1ª avaliación será igual a A^1 , a da 2ª será a nota media de $A^1 + A^2 + A^2$, e a da terceira e FINAL, a media resultante de $A^1 + A^2 + A^2 + A^3 + A^3 + A^3$. Esta nota valerá o 60% en 1º e un 70% en 2º
- B.** Media de tódalas probas de cultura que se fagan. Esta nota valerá o 40% en 1º e 30% en 2º

- C. Recollerá a asistencia, traballos, participación, etc. ,en resumo a actitude do alumno fronte a asignatura. Esta nota se terá en conta para favorecer os alumnos que participaron positivamente na clase.

En setembro só se terá en conta o exame, no que a parte de lingua valerá un 60% e a parte de cultura un 40%.en 1º e 70% e 30% en 2º.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Algunha saída (museos, obras de teatro, películas...), cando xurda a ocasión, e en coordinación con algún outro seminario, sobre todo con Latín, dada a escaseza de alumnos en grego.
- Participación en concursos que soe propor a Asociación de Profesores de Grego e a Sociedade Galega de Estudos Clásicos.
- Proxección de películas ou vídeos relacionados co mundo grego.

PROXECTO LECTOR.

1º Bacharelato:

- **A** Apolodoro: mito de Heracles, Orfeo e Eurídice, Apolo e Casandra...
- **B** Diodoro: lenda do Minotauro
- **C** Esopo: fábulas
- **D** Hesíodo: Teogonía

2º Bacharelato:

- **A** Homero: “A Ilíada”. Cantos I, VI, XVI, XXII
- **B** Escolma dos poetas Alceo, Safo e Arquíloco
- **C** Sófocles: “Edipo Rei”
- **D** Aristófanes: “As nubes”, “As assembleístas”

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

As **finalidades da convivencia** están recollidas no apartado IV do Plan de Convivencia do centro:

- ✓ Preparar para a vida social e adulta
- ✓ Asumir e practicar valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario, e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...).

- ✓ Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmósfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción,...)
- ✓ Atender á diversidade.
- ✓ Todas as persoas deben sentirse valoradas, escoitadas, responsables, participativas na toma de decisións.

Aínda que xa se recollen diferentes actuacións para contribuir a unha boa convivencia dentro do Instituto nos temas transversais da programación de Grego, especificaremos algunhas actuacións a levar a cabo:

- Lectura de textos donde se vexa reflexada a aportación da cultura clásica aos valores de respecto e participación social e cívica:
 - Textos de Homero nos que se reflexe o respecto á ancianidade
 - Textos de Tucídides nos que se reflexe a importancia para o cidadán a participación na vida pública.
 - Textos de Sófocles ou Eurípides nos que se reflexe a situación da muller na Grecia clásica.
 - Textos de Heródoto nos que se reflexen as costumes de distintos pobos.
 - Textos de Hesíodo ou Luciano nos que se reflexen os mitos ou costumes relixiosas dos distintos pobos.
 - Aqueles textos nos que se poda ver reflexada a importancia das distintas culturas e o respecto do cidadán hacia elas.
- Proxección de películas de temas clásicos nas que se fomente a solidariedade e donde se vexan que as situación de inxusticia social non levan a ningunha parte: A Odisea, 300, Alexandre, As Troianas, Xasón e os Argonautas, etc.
- Proxección de videos de temas culturais (relixión, teatro, xogos) nos que se reflexe a participación de distintos pobos nestas actividades.

Algunha saída, sempre que se poda, a algunha actividade cultural relacionada co mundo clásico, para fomentar a convivencia entre os alumnos fora da aula e fomentar o coñecemento e o afán pola cultura “radical”.

APORTACIÓN DESTA MATERIA Á UTILIZACIÓN DAS TIC

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura gregas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados etc. Neste senso, é aconsellable facilitarlle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador co grego clásico.

OS TEMAS TRANSVERSAIS NA ENSINANZA DO GREGO

Os temas transversais abórdanse nos catro bloques de contenidos nos que se divide a materia, xa sexa nos textos orixinais gregos, que permiten desenrolar eses temas, ou de xeito máis directo, con textos e actividades concretas para cada tema.

Considéranse tódolos temas transversais, sobre dtodo con textos de autores gregos traducidos, xa que se analizan e estudian tódolos aspectos que conformaron a civilización grega antiga. Tódolos temas teñen a súa aplicación normal por comparación coa situación actual.

1. Educación moral e cívica, mediante cuestións ó respecto e á participación política e social na Antigüidade e na actualidade.

A valoración e respecto hacia as costumes de outros pobos pode tratarse tanto nas actitudes imperialistas de Atenas na extensión do seu modelo democrático, como nos hábitos dos colonos gregos de non impor as súas costumes á poboación natural das rexións onde fundaban as suas colonias.

O coñecemento da arte grega permitirá apreciar e respectar as manifestacións culturais e artísticas de outros pobos, e entender a necesidade de conservar e respectar o patrimonio cultural, tanto propio como alleo.

2. Educación para a paz, ó ter en conta aspectos de colonizacións e invasións antigas.

O coñecemento da formación do imperio ateniense pode servir de inicio para a reflexión sobre a guerra e o imperialismo, e para fomentar a aportación de solucións pacíficas aos conflitos e o respecto aos demais.

3. Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo, coa situación da muller na Antigüidade.

A lectura de textos de Hesíodo sobre a creación do mundo, e sobre todo do home e a muller, levará a recoñecer o papel de control ideolóxico que poden chegar a exercer determinadas creencias e tradicións míticas, e a dificultade de normalizar situacións cun lastre de milenios.

4. Educación ambiental, con atención ós lugares de culto e con actitude de respecto por algúns lugares sagrados; tamén ó examinar algúns desastres ambientais das minas na Antigüidade.

5. Educación para a saúde e a educación sexual, co cuidado do corpo na Antigüidade por medio do deporte; así como pola visión grega, sobre todo a espartana, acerca da muller, en canto a súa función como nai e na súa relación co marido.

6. Educación do consumidor, polo tratamento da dieta como calidade de vida en textos de medicina antiga.

Os temas transversais desenrólanse en actividades en algúns dos textos traducidos, con cuestións directamente propostas para resolver en pequenos grupos, ou individualmente, e sobre todo por medio de debates.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación desempeña un papel fundamental dentro das tarefas e funcións que os profesores temos encomendadas.

A avaliación non é só un proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é tamén un proceso na ensinanza da nosa práctica docente. Non olvidaremos que o proceso de ensinanza resulta primordial para acadar os obxectivos propostos; dentro dese proceso desempeña un papel fundamental a avaliación da propia programación didáctica.

Para avaliar a idoneidade da programación didáctica da asignatura de Grego teranse en conta os seguintes criterios:

- Posta en práctica dos obxectivos propostos.
- Validez dos obxectivos para dar resposta a un problema ou necesidade que se plantexe.
- Necesidade de algún proceso de formación para avanzar nalgunha línea iniciada ou para modificala.
- Esixencia a reconsiderar algún problema ou necesidade non prevista.
- Acadar resultados positivos nos obxectivos propostos.
- Utilización de recursos humanos e materiais conforme aos criterios propostos na programación.

Como resultado da análise e avaliación destes aspectos, efectuaranse, se fose preciso, as modificacións oportunas na programación didáctica.

Pontevedra, 17 de setembro de 2010

A XEFA DE SEMINARIO,

Asdo. M^a Dolores Cruz García